



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O MINISTERIO FISCAL, O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE AVOGADOS DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL GRATUÍTA NA CIDADE DE OURENSE DURANTE O ANO 2016.

Ourense, 28 de xullo de 2016.

REUNIDOS

Dunha parte,

D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e no Decreto 230/2012, do 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia.


D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que é nomeado conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia.

Doutra parte,

D. Fernando Suanzes Pérez, fiscal superior da Comunidade Autónoma de Galicia, actuando en representación do Ministerio Fiscal de conformidade co disposto no artigo 11, alínea terceira, do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.

D^a María Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que actúa en representación deste, de conformidade co disposto no artigo 31 dos seus estatutos.

D^a Pilar López-Guerrero Vázquez, decana do Colexio de Avogados de Ourense, que actúa en representación deste, de conformidade co disposto no artigo 40 dos seus estatutos.





XUNTA DE GALICIA

As partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que correspóndelle á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, entre outras, as competencias en materia de implantación, impulso e desenvolvemento de programas e actuacións de desxudicialización de conflitos e de promoción da mediación, especialmente no ámbito de menores e familia, tal e como establece o artigo 15.3.1) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social, consonte o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten asumidas entre as súas competencias a xestión das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia; e en concreto as competencias de mediación familiar derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar e do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.

CUARTO. Que de acordo co artigo 11 apartado terceiro da Lei 50/1981, do 30 de decembro, que regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, modificada pola Lei 24/2007, do 9 de outubro, o Ministerio Fiscal poderá celebrar convenios coas Comunidades Autónomas previa autorización do Fiscal Xeral do Estado.



XUNTA DE GALICIA

QUINTO. Que de acordo co artigo 7.3 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia poderá celebrar convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos colexiados.


SEXTO. Que as partes coinciden na necesidade, de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos e, máis concretamente, como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que atopen por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable, considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

A mediación como procedemento pode dar solución extraxudicial dun xeito rápido e económico aos conflitos mediante procedementos adaptados ás partes. Deste xeito se define no artigo 3 da Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea como procedemento estruturado, sexa cal sexa o seu nome e denominación, no que dúas ou máis partes en conflito tentan voluntariamente acadar por si un acordo sobre a resolución do seu litixio coa axuda dunha/dun mediadora/or, procedemento que pode ser iniciado polas partes suxerido ou ordenado por un órgano xurisdiccional ou prescrito polo Dereito dun Estado membro.



Neste sentido, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillas/os menores.

SÉTIMO. Que para dotar da maior eficacia ao proceso de mediación, considérase que se debe constituír un equipo multidisciplinar de mediación no que se integren, por unha banda, xuristas que expliquen ás partes a lexislación aplicable á súa relación e ao mesmo tempo as necesidades e particularidades do proceso, orientando ás partes para acadar un acordo que poida ser validado dentro do proceso civil ao que deberán enfrontarse e, por outra banda, psicólogos/as que poidan resolver os problemas de achegamento e enfoque das partes en conflito, acadando o clima necesario para a negociación.

E por isto que para continuar coa implantación do programa de mediación intraxudicial en Ourense, e tendo en conta a especificidade das actuacións que comporta e os requisitos da figura



Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia



[Handwritten signature]



XUNTA DE GALICIA

do mediador recollidos tanto na Lei 4/2001, do 31 de maio, de mediación familiar de Galicia como no Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, relativos á obrigatorioidade da inscrición no colexio profesional correspondente así como da inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, resulta imprescindible a colaboración tanto do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como do Colexio de Avogados de Ourense, que están a desenvolver axeitadamente a difusión e formación en mediación e contan coas garantías derivadas da súa estrutura colexial e do control administrativo do cumprimento dos requisitos antes mencionados, circunstancias que xustifican acudir a sinatura dun convenio de colaboración e fan que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para este fin.

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial gratuíta en Ourense, mediante a constitución dun equipo permanente de mediación composto por un/unha psicólogo/a e un/unha avogado/a (así como dos/as respectivos/as suplentes para supostos de incompatibilidade e incapacidade).

SEGUNDA. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

a) Actuación dos/as fiscais dos xulgados de primeira instancia implicados/as no programa:

A mediación intraxudicial nos procesos de familia realizárase de conformidade co disposto no protocolo de derivación adoptado na xunta sectorial de xulces de primeira instancia de Ourense o día 29 de xuño de 2010, a unir como anexo ao presente convenio, protocolo informado favorablemente pola fiscalía da área de Ourense no que se refire aos supostos de familia.

En calquera caso, os e as fiscais, en termos xerais, avaliarán os casos concretos nos que, polas súas características específicas, resulta recomendable intentar un proceso de mediación e



XUNTA DE GALICIA

informarán ás partes acerca da existencia deste servizo de mediación e das posibilidades que lles ofrece, recomendando, alomenos, a asistencia a unha sesión informativa previa.

No caso de que as partes acepten a mediación, o/a fiscal comunicará o/a xuíz esta decisión para que, de acordo co protocolo de derivación mencionado, se fixe a data para a primeira xuntanza co equipo de mediación, xuntanza que terá os efectos sinalados no artigo 13 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar, e que deberá realizarse preferentemente en sede xudicial. Para tal efecto, deberán arbitrarse os medios necesarios para garantir a inmediata citación das persoas interesadas, valorándose a utilidade de crear axendas únicas informáticas de uso compartido entre as oficinas dos xulgados e o equipo de co-mediación. Subsidiariamente arbitrarase a máis inmediata comunicación telefónica ou mediante fax.

Os/as letrados/as das partes poderán asistir ao inicio desta xuntanza informativa co obxecto de recibir do equipo de mediación toda a información que precisen e aclarar calquera dúbida sobre o desenvolvemento do proceso.

O xulgado, tal e como se indica no antedito protocolo de derivación, remitirá ao equipo de mediación toda a información necesaria para o desenvolvemento axeitado da mediación: identificación do xulgado, nº autos, tipo de procedemento, identificación das persoas participantes e teléfonos de contacto, nº fillas/os e idades, así como información sobre a suspensión ou non do proceso xudicial iniciado.

b) Actuación dos colexios oficiais:

Os requisitos e o procedemento de nomeamento e selección das persoas mediadoras serán de competencia dos correspondentes colexios profesionais.

O Colexio de Avogados de Ourense designará ás persoas integrantes (tanto titulares como suplentes) do equipo de mediación intraxudicial que se vai constituír, de entre os/as profesionais inscritos/as no Rexistro de Mediadores de Galicia, seleccionando a aquelas persoas que pola súa formación específica e experiencia se consideren máis idóneas para o desenvolvemento deste proxecto, previa aceptación destas. Os requisitos esixidos e o procedemento de selección recóllense nas bases do procedemento de selección que aprobe a tal efecto o Colexio de Avogados de Ourense.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, designará ás persoas integrantes do equipo de mediación intraxudicial (tanto titulares como suplentes) utilizando un sistema rotatorio de xeito



XUNTA DE GALICIA

que cada catro meses se deberán designar aquelas persoas mediadoras que van estar dispoñibles para atender as mediacións que deriven os xulgados de familia. Os requisitos esixidos e o procedemento de selección recóllense nos Regulamentos de Réxime Interior do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pero, en todo caso, para formar parte do equipo de mediación será necesario que a persoa mediadora figure inscrita no Rexistro de Mediadores de Galicia e acredite un mínimo de dous meses de experiencia en mediación familiar.

Así e todo, unha vez iniciado un proceso de mediación, este será impulsado polo mesmo equipo ata a súa finalización.

Os colexios profesionais na formalización da prestación coas persoas seleccionadas farán constar expresamente ao necesario cumprimento do establecido nas cláusulas terceira, cuarta, oitava, novena e décima do presente convenio no que se refire ós horarios e duración do proceso de mediación, principios esenciais do proceso, incompatibilidades dos profesionais, os seus compromisos e a súa baixa.

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia.

TERCEIRA. HORARIOS, HONORARIOS E DURACIÓN DO PROCESO DE MEDIACIÓN

O equipo de mediación desenvolverá o seu labor en horario de mañá, de 8 a 15 horas durante dous días á semana.

Os profesionais que desenvolvan as actuacións de mediación recibirán por parte dos colexios profesionais unha retribución mensual a tanto alzado con independencia do número de procesos de mediación atendidos.

Co obxecto de conseguir a maior eficacia, establécese unha duración non superior a un mes para o proceso de mediación, que se computará dende a celebración da primeira xuntanza co equipo mediador, unha vez aceptada a mediación, sen prexuízo da posibilidade de prórroga a instancia do equipo mediador de forma xustificada por un mes máis.

Excepcionalmente, poderá establecerse unha prórroga por un prazo superior cando se xustifique debidamente e tendo en conta que, en ningún caso, o proceso de mediación poderá exceder dos tres meses de duración, tal e como se recolle no artigo 14 da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.



XUNTA DE GALICIA

CUARTA. PRINCIPIOS ESENCIAIS DO PROCESO DE MEDIACIÓN

- **Voluntariedade:** Respectarase en todo caso o principio de voluntariedade na aceptación do proceso de mediación.

- **Confidencialidade:** A información obtida no proceso de mediación estará afectada polo deber de secreto e polo seu carácter confidencial. Consecuentemente, tanto as partes como o equipo de mediación quedan obrigados a manter reserva sobre o desenvolvemento de todo o proceso de mediación.

Exceptúase do disposto no apartado anterior a información requirida polo/a xuíz relativa a un procedemento de mediación en curso, a información requirida polo Ministerio Fiscal no exercicio das súas funcións e a consulta de datos personalizados para fines exclusivamente estatísticos.

En todo caso, o equipo de mediación está obrigado a informar á/ao xuíz e ao Ministerio fiscal dos datos que puideran revelar a existencia dunha ameaza para a vida ou a integridade física ou psíquica dalgunha persoa.

- **Igualdade das partes:** Garantirase a plena igualdade e liberdade das partes, interrompéndose a mediación cando se advirta a existencia de calquera indicio de violencia ou de intimidación ou calquera outra causa que rompa este principio.

- **Homologación de acordos:** Por petición da autoridade xudicial e respectando o principio de confidencialidade, o equipo de mediación comunicará ao xulgado e entregará ás partes o acordo total ou parcial alcanzado no proceso de mediación, extremo que deberá acreditar ante o xulgado para a súa constancia e posterior decisión sobre a reanudación do proceso e efectos que correspondan en canto á súa homologación.

- Os demais establecidos no título II da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

QUINTA. FORMACIÓN E CAPACITACIÓN DOS/AS PROFESIONAIS

Os colexios profesionais asinantes garantirán a formación e capacitación dos/as profesionais que integren o equipo de mediación, exercendo o control e supervisión da actividade incluso a través da responsabilidade disciplinaria, conforme á legislación na materia. Á súa vez comprométense a



Colexio Oficial
de Psicólogos
de Galicia





XUNTA DE GALICIA

impartir cursos e seminarios para conseguir suficientes profesionais formados en mediación familiar co apoio da Consellería de Política Social.

SEXTA. IMPORTE E CONDICIÓN DE PAGO

1. O investimento estimado ao que se refire o presente convenio fíxase en corenta mil euros (40.000 euros) para o ano 2016 con cargo a aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 correspondentes á Consellería de Política Social, no que figura crédito suficiente e axeitado. Do referido investimento vinte mil euros (20.000 euros) serán transferidos pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio no 5 de decembro de 2016.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no convenio. De acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

A Consellería de Política Social fará o pagamento da mencionada cantidade a cada un dos colexios do seguinte xeito:

✓ Poderá facerse un primeiro pagamento do 10% da contía total concedida, en concepto de anticipo, unha vez asinado o convenio de colaboración.





XUNTA DE GALICIA

- ✓ O resto da contía total concedida, ata alcanzar o 80%, poderá facerse efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos e os pagos realizados.
- ✓ O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

Antes de facerse efectivo ningún pagamento, de conformidade co establecido no artigo 11º do Decreto 11/2009, cada colexio deberá achegar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pago débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Coa certificación final cada colexio deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo programa das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, cada colexio deberá presentar unha certificación xustificativa dos gastos e pagos realizados, acompañada das correspondentes facturas e xustificantes de pago, na que se reflicta que os gastos realizados e os correspondentes pagamentos foron iguais ou superiores á axuda concedida, certificando ademais que estas contías foron destinadas ao fin para o que se outorgaron.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente, de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As compensacións a cada colexio por ano serán como máximo as seguintes:

Año 2016: 40.000 euros

✗ Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Año 2016: 16.800 euros en compensación polos gastos desenvolvidos na exercicio da actividade de mediación máis 1.400 euros para gastos de divulgación, material funxible e consumibles.

Total: 18.200 euros.





XUNTA DE GALICIA

> Colexio de Avogados de Ourense:

Ano 2016: 20.400 euros en compensación polos gastos desenvolvidos na exercicio da actividade de mediación máis 1.400 euros para gastos de divulgación, material funxible e consumibles.

Total: 21.800 euros.

3. A Consellería de Política Social informará á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da relación de pagamentos efectuados ao final do exercicio económico.

SÉTIMA. CONTROL

O Colexio Profesional de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense someteranse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirles para a debida xustificación dos fins deste convenio, así como ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación cos pagamentos realizados.

A Consellería de Política Social poderá solicitar en calquera momento os documentos que estime oportunos para a debida xustificación do gasto.

En todo caso, o Colexio Profesional de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense, en aplicación do artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, obríganse a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

OITAVA. INCOMPATIBILIDADES

Serán motivos de incompatibilidade e obrigarán a renunciar á realización da mediación, ademais dos previstos no artigo 6 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, que regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, os seguintes:

- Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervinientes na mediación, cos seus asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.




XUNTA DE GALICIA

- b) Ter intervido profesionalmente con anterioridade no asunto obxecto de mediación.
- c) Ter interese directo, de calquera tipo, no asunto obxecto da súa actuación ou unha manifesta vinculación, directa ou indirecta, económica, laboral ou de outro tipo, que poida comprometer a súa independencia profesional.
- d) Estar adscrito aos Gabinetes de Orientación Familiar, Servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal das Xefaturas Territoriais ou á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social.
- e) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

NOVENA. COMPROMISOS DOS/AS PROFESIONAIS

Os/as psicólogos/as e avogados/as que formen parte do equipo de mediación comprométense, ademais de a cumprir as obrigas establecidas no artigo 5 do Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, que regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta, a:

- a) Desenvolver o seu traballo de xeito exclusivo no equipo de mediación, absténdose de intervir profesionalmente tanto a título profesional como particular ou privado en calquera outro asunto de familia no ámbito territorial no que se desenvolva o seu labor como mediador. No caso do/a letrado/a que forme parte do equipo de mediación, tampouco as persoas coas que puidera ter relación laboral poderán levar procedemento de familia algún mentres desempeñe as súas funcións como mediador/a
- b) Realizar os cursos e seminarios de formación que para este efecto sexan convocados polos colexios oficiais.
- c) Aceptar os encargos de mediación entre as partes nun proceso derivados do protocolo de actuación previsto no convenio, a menos que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recollidos, caso no que serán substituídos polo suplente.
- d) Cumprir os prazos establecidos no convenio en relación coa duración máxima do procedemento de mediación.
- e) Coordinarse de xeito adecuado co outro profesional integrante do equipo de mediación.
- f) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- g) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación como mediadores.
- h) Cumprimentar na aplicación informática <https://med-inxu.xunta.es> todos os datos relativos aos procedementos de mediación realizados.





XUNTA DE GALICIA

DÉCIMA. BAIXA DOS/AS PROFESIONAIS

Serán causas de baixa como integrantes do equipo de mediación, ademais da voluntaria, as seguintes:

- a) A perda da condición de colexiado/a.
- b) O incumprimento das condicións ou compromisos do convenio.
- c) A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- d) Actuar a sabendas da existencia de incompatibilidade.
- e) Rexeitamento inxustificable da realización das tarefas encomendadas.

DÉCIMO PRIMEIRA. CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados de Ourense comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Non obstante, procedérase á cumprimentación voluntaria polos partícipes no proceso mediador dunha enquisa sobre o grao de satisfacción do servizo de mediación.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común polo que se refire ao acceso limitado aos propios interesados, en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega.

Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais, deberáse cumprir coa obriga de suministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e, de conformidade coa



XUNTA DE GALICIA

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

DÉCIMO TERCEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

Segundo o previsto no artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, crearase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas.

Este órgano estará integrado polos seguintes membros:

- A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.
- O director xeral de Xustiza, que poderá delegar no subdirector xeral de Medios da Administración de Xustiza
- O Fiscal Superior de Galicia ou no fiscal en quen delegue.
- A Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ou persoa en quen delegue.
- O Decano do Colexio de Avogados de Ourense ou persoa en quen delegue.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/ha funcionario/a da Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.



XUNTA DE GALICIA

A Comisión reunirase de xeito ordinario cada tres meses co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia, e con carácter extraordinario cando fose necesario a petición de calquera das partes. A tales efectos a comisión poderá requirir a presenza do equipo mediador.

DÉCIMO CUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre a súa sinatura e o 31 de decembro de 2016, non obstante abarcará as accións obxecto do convenio que se realicen dende o comezo do ano 2016.

DÉCIMO QUINTA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo regulado no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

Así mesmo, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e demais normas de procedente aplicación.

DÉCIMO SEXTA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Terán lugar á resolución do presente convenio as causas que a continuación se relacionan, segundo o establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo necesario o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora reportados desde o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro:

- mutuo acordo das partes asinantes
- incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes
- resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro así como incumprimento das obrigas contables.



XUNTA DE GALICIA

DÉCIMO SÉTIMA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra estas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso administrativo, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO OITAVA. OBRIGA DE CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS

En caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á súa data de finalización.

E en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, asínase o presente convenio de colaboración por sextuplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA




Alfonso Rueda Valenzuela

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL



José Manuel Rey Varela

O FISCAL SUPERIOR DA COMUNIDADE
AUTÓNOMA DE GALICIA




Fernando Suanzes Pérez

A DECANA DO COLEXIO DE AVOGADOS
DE OURENSE



Pilar López-Guerrero Vázquez

A DECANA DO COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA



María Rosa Álvarez Hedo
Colegio Oficial de Psicólogos
de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ANEXO

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN

ACTA DE JUNTA SECTORIAL DE JUECES DE PRIMERA INSTANCIA DE OURENSE

Ourense, veintinueve de junio de dos mil diez.

En el día de la fecha se constituye la Junta de Jueces de Instrucción y Jueces de Primera Instancia de esta Ciudad, bajo la presidencia del Decano Don Antonio Piña Alonso, Magistrado – Juez del Juzgado de Instrucción número 2, actuando como Secretario Don Luis Doval Pérez, Magistrado– Juez del Juzgado de Primera Instancia número cinco, concurriendo además a la misma:

Doña Pilar Domínguez Comesaña, Magistrada – Juez del Juzgado de Primera Instancia número uno.

Doña Nuria Luisa Casero Sánchez, Magistrada-Juez del Juzgado de Primera Instancia número dos.

Doña María José González Movilla, Magistrada – Juez del Juzgado de Primera Instancia número tres.

Don Luis Doval Pérez, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia número cinco.

Doña Laura Guede Gallego, Magistrada-Juez del Juzgado de Primera Instancia número seis.

Concurre el quórum establecido en el artículo 68 del Reglamento 1/2000 de 26 de julio, de los Órganos de Gobierno de los Tribunales del Consejo General del Poder Judicial.

Abierto el acto por el Ilmo. Sr. Decano y con relación al único punto del orden del día fijado en la convocatoria, relativo al Programa Piloto de Mediación Intrajudicial familiar, se ACUERDA POR UNANIMIDAD EL SIGUIENTE:

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN



Ante la intención de la Subdirección General de Familia (Secretaría General de Igualdad de la Vicepresidencia de la Xunta de Galicia) de poner en funcionamiento un Programa Piloto de Mediación Intrajudicial Familiar para el próximo año judicial y luego de observar los términos de la propuesta de implantación acordada por la Junta Sectorial de Jueces de Primera Instancia de Santiago de Compostela del día 06-02-2007 (Equipo de Co-Mediación estable integrado por un Abogado y un Psicólogo designados mediante Convenio de la CC.AA. con sus respectivos Colegios Profesionales), parece oportuno concertar un Protocolo de Derivación que se acerque como anexo al Convenio que firme la CC.AA. con tales Colegios Profesionales implicados en el equipo de Co-Mediación a establecer, necesidad impuesta por la intervención de varios juzgados de Primera Instancia al no existir un juzgado de familia en aras a la fijación de unas instrucciones o modelo de actuación común con objeto de garantizar una mayor eficacia y coordinación al servicio que se va a instaurar. Pues bien, tratando de aprovechar la experiencia práctica de los juzgados en que se ha

implantado sistemas de Mediación Intrajudicial Familiar, previa consulta con la mayoría de los Juzgados de Familia adscritos al Proyecto de Mediación iniciado en el seno del C.G.P.J. en el año 2006 (en concreto con los J.F. n.º 18 de Barcelona, J.F. n.º 29 de Madrid, J.F. n.º 5 de Málaga, y J.F. n.º 3 de Pamplona, quedando pendiente contacto con los J.F. n.º 12 de Mallorca y J.F. n.º 7 de Sevilla) y utilizando igualmente como modelo las conclusiones del último seminario del C.G.P.J. sobre Mediación Intrajudicial Familiar como pautas más recientes que fueron consensuadas hasta la fecha, valorando los resultados de la experiencia práctica de los mencionados Juzgados de Familia, se concierta por unanimidad el siguiente

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN:

A). PRINCIPIOS:

En las intervenciones de Mediación Intrajudicial Familiar han de observarse los siguientes principios:

1. Voluntariedad.

Se respetará en todo caso el principio de voluntariedad en la aceptación del proceso de mediación.

La asistencia a la sesión informativa es voluntaria, salvo resolución judicial motivada dictada con intervención del Ministerio Fiscal, al amparo del artículo 158 del Código civil.

2. Confidencialidad.

La información que se utilice en los procesos de mediación permanecerá reservada y únicamente se informará de la consecución del acuerdo. En el caso de que la mediación no continúe por desistir de ella cualquiera de las partes, únicamente se informará al Juez de este hecho, que carecerá de toda incidencia en el enjuiciamiento posterior.

En todo caso, el mediador está obligado a informar al Juez o al Ministerio Fiscal de los datos que puedan revelar la existencia de una amenaza para la vida o la



integridad física o psíquica de una persona o de hechos delictivos perseguibles de oficio.

3. Igualdad de las partes.

Se garantizará la plena igualdad y libertad de las partes, por lo que la mediación se interrumpirá en cuanto se advierta la existencia de cualquier indicio de violencia o de intimidación que afecte a alguna de las partes o cualquier otra causa de quiebra del anterior principio.

4. Homologación de acuerdos de orden público.

El acuerdo alcanzado, para su eficacia, necesitará ser homologado por el tribunal, cuando se refiera a materias no disponibles, en las formas previstas legalmente en los artículos 774 y 777 de la Ley de Enjuiciamiento Civil.

B) FORMA DE DERIVAR LA MEDIACIÓN INTRAJUDICIAL:

1. El JUEZ, DE OFICIO O POR PETICIÓN DEL MINISTERIO FISCAL, derivará las partes a una sesión informativa de mediación y señalará para tal efecto día, hora y lugar determinado.

TAMBIÉN EL SECRETARIO JUDICIAL podrá remitir sesión informativa en los procedimientos de formación de inventario recogidos en el artículo 808 de la Ley de Enjuiciamiento Civil o en aquellos otros en los que la Ley les atribuya competencias.

LA FISCALÍA, EN LOS EXPEDIENTES PREVIOS DE MENORES O INCAPACITACIONES Y TUTELAS, TAMBIÉN PODRÁ REALIZAR LAS DERIVACIONES.

2. El Juez valorará el MOMENTO ADECUADO PARA LA DERIVACIÓN, respetando siempre que en ese momento, ambas partes estén debidamente personadas en autos.

Con carácter general en los procesos matrimoniales, una vez personadas ambas las partes, se aprovecharán los tiempos intermedios entre el señalamiento de la vista y su celebración, sin perjuicio de que se interese la suspensión cuando ésta sea inevitable, efectuando por tanto la derivación en la Providencia en que se tenga por contestada la demanda y se señale el juicio.

La derivación se efectuará en sede de Medidas Provisionales o Provisionalísimas en el Auto que resuelva las mismas o en la propia comparecencia prevista en los artículos 771 y 773 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, restringiendo el contenido de la resolución en el primer caso a las medidas más perentorias y urgentes para las partes.

En sede de Ejecución de Títulos Judiciales, la derivación se efectuará una vez personadas y conocidas las respectivas posiciones de las partes, tras la presentación del escrito deduciéndose oposición a la ejecución despachada.

3. La REMISIÓN A LA SESIÓN INFORMATIVA puede hacerse en todos los procedimientos de familia, sin limitación apriorística de los temas a mediar.

Se incluyen en tales supuestos los procesos sobre capacidad de las personas, en los casos de discrepancia en orden a la determinación de la idoneidad de unos u otros parientes para la asunción de funciones tutelares (tutor, curador, etc.) y sobre tal concreto y exclusivo aspecto.

4. En orden a CONSEGUIR LA CITA INFORMATIVA se arbitrarán los medios necesarios para garantizar la inmediata citación de los interesados.



Se instará la creación de agendas únicas informáticas y, en su defecto, se arbitrará la posibilidad de que el Juzgado consiga la cita por teléfono o fax, con carácter inmediato.

5. EL JUZGADO REMITIRÁ UN PROTOCOLO DE DERIVACIÓN AL EQUIPO DE MEDIACIÓN.

En ese Protocolo se facilitará la información necesaria que, por lo menos, deberá contener: identificación del Juzgado, número de autos, tipo de procedimiento, identificación de los participantes (datos de identidad, edad y teléfonos de contacto); número de hijos y edades, y si se suspendió o no el procedimiento.

Una vez aceptada la mediación, se remitirá al Equipo Mediador copia de los escritos y documentos obrantes en autos que soliciten.

C) SESIÓN INFORMATIVA Y PROCESO DE MEDIACIÓN:

1. Se considera prioritario que la sesión informativa si lleve a cabo preferentemente en sede judicial, sin perjuicio de que el proceso de mediación, si se acepta, se lleve a cabo en otras dependencias.

2. De la sesión informativa, pueden resultar varias posibilidades:

- la familia no asiste.
- la familia es informada y no acepta.
- la familia acepta y se suspende el procedimiento.
- la familia acepta la intervención mediadora pero no suspende de momento el curso del procedimiento, aprovechando los tiempos intermedios entre el acuerdo de remisión y la vista, sin perjuicio de las cuales se solicite la suspensión cuando esta sea inevitable.

La SUSPENSIÓN habrá de instarse por ambas partes, a través de su respectiva representación procesal, nunca a instancias tan sólo del mediador.

Se considera suficiente el plazo de suspensión previsto en el artículo 19.4 de la Ley de

Enjuiciamiento Civil, computado desde la efectiva suspensión y no desde el momento de la derivación.

El Equipo de Mediación le comunicará por fax al Juzgado si se acepta o no el proceso de mediación.

3. Finalizado el proceso de mediación, el Equipo de Mediación le comunicará al Juzgado el resultado del proceso de mediación intrajudicial.

4. SE CONSIDERA adecuado QUE LOS LETRADOS INTERVENGAN EN LA SESIÓN

INFORMATIVA; DEBIENDO ÉSTA CONSTAR DE DOS PARTES: una primera, con las partes y sus Letrados, con el fin de que éstos obtengan la información necesaria del proceso de mediación y de la identidad de los mediadores, y una segunda, exclusivamente con los interesados.

SE CONSIDERA QUE LOS LETRADOS NO DEBEN INTERVENIR EN EL PROCESO DE MEDIACIÓN.

En todo caso, deberá ser el letrado quien presente el convenio regulador o someta el acuerdo parcial a la homologación del Juzgado, sin que sea



necesario que los mediadores den traslado del acuerdo al Juez con independencia del convenio regulador.

5. NO SE CONSIDERA NECESARIO QUE LOS MENORES INTERVENGAN EN EL PROCESO DE MEDIACIÓN, sólo deberán hacerlo a criterio del mediador, valorando en cada caso, sus condiciones de madurez y la utilidad de tal intervención.

D) INFRAESTRUCTURA:

1. La OFICINA JUDICIAL se encargará de la información, control administrativo, conexión con el Centro de Mediación, facilitación de datos del expediente al mediador y citación de las partes.

2. El EQUIPO DE MEDIACIÓN debe realizar la sesión informativa en el plazo más corto posible (sin necesidad a priori de suspender el curso de los autos).

Se considera conveniente que los ciudadanos ya salgan del Juzgado con la fecha, el lugar y la hora en la que serán atendidos.

3. REVISIÓN DEL FUNCIONAMIENTO:

Es conveniente fijar un período inicial de dos o tres meses, tras lo cual se hará un análisis del funcionamiento, para corregir disfunciones, y un período máximo anual, después del cual se hará el análisis de la experiencia y se decidirá, si es el caso, su continuidad.

Comuníquese el presente acuerdo para los efectos oportunos al Grupo de trabajo de Derecho de Familia y Menores del C.G.P.J. a la Sala de Gobierno del T.S.J. de Galicia, a la Subdirección Xeral de Familia y Menores (Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar de la Xunta de Galicia) y a los Colegios Profesionales implicados.

No habiendo más asuntos que tratar, se levanta la sesión, extendiéndose la presente acta por el Secretario, con el Vº Bº del Ilmo. Sr. Magistrado - Juez Decano. Siguen firmas y rúbricas"

